



Concello de Xove

Xestor de Expedientes. Expediente núm.: 854/2023
Procedemento: CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO OPEN DE PÁDEL SAN BARTOLO 2023
Documento asinado por: A CONCELLEIRA DE DEPORTES

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO OPEN DE PADEL " SAN BARTOLO 2023"

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a práctica de actividade física e o deporte así como a participación cidadá nos torneos que se realicen ao efecto, establece as normas reguladoras de participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes no Torneo de Pádel, de acordo coas seguintes bases

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Open de pádel "San Bartolo", organizado polo Concello de Xove, que se celebrará dos días 28 de agosto a 3 de setembro.

SEGUNDA.- CATEGORÍAS, PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS.

O Torneo de Padel terá as seguintes categorías:

- Open Feminina
- Open Masculina
- Open Mixta.

En caso de non existir parellas suficientes en algunha categoría, poderán realizarse outras subcategorías.

→A **documentación** a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto que estará a disposición do interesado na Oficina de Información Xuvenil e nas instalacións de IG10, S.L., empresa que xestiona o torneo, ubicada en Rúa do Perdouro, 37, Burela (Lugo). Igualmente poderán realizarse inscricións por teléfono formalizándose posteriormente no momento de xogar o primeiro partido. Do mesmo xeito, a ficha colgarase no Taboleiro de Anuncios da Sede





Concello de Xove

Electrónica do concello: <http://xove.sedelectronica.gal>

TERCEIRA.- NORMAS DO TORNEO.

O torneo disputarase a cadro único en todas as categorías, por eliminación directa, habendo consolacións en todas as categorías.

Horarios e cadro de competición.

Os horarios e o cadro de competición serán publicados a través da web do Concello ou poñéndose en contacto cos responsables do torneo designados polo Concello.

A organización resérvase o dereito a modificar os horarios para adaptalos á dispoñibilidade das parellas participantes. No caso de calquera modificación sobre o horario previsto que afecte a un partido, os participantes implicados serán notificados de forma telefónica ou persoalmente durante a competición con tempo de antelación suficiente para presentarse (ao inicio do partido previo) ao seu partido.

Cada partido contará con 5 minutos regulamentarios de peloteo o queceamento. En caso de que una parella non se presentara na hora correspondente ao partido concederanse 10 minutos de cortesía; pasado ese tempo darase W.O á parella non presentada, que perderá o partido. Se a parella se presenta entre os minutos 1 e 5 de espera, perderá o dereito ao peloteo correspondente ao seu retraso. No caso de presentarse entre os minutos 6 e 10 no poderán disputar peloteo.

Lesións e incomparencias

Se durante o desenrolo da competición resultara probada a lesión dun xogador, a súa parella poderá presentar un substituto ao comezo do seguinte partido.

Se a lesión se produce durante o desenrolo dun partido, o xogador lesionado contará con 10 minutos para volver ao partido, ou 20 (a partir da notificación da lesión) para buscar un substituto. Se o xogador lesionado non puidera reincorporarse á competición no seguinte partido, permitirase a participación definitiva do xogador substituto durante o resto da competición, pasando a considerarse como xogador titular do equipo.

En todos os casos, o substituto deberá ser de igual ou semellante nivel ao do xogador lesionado, e sempre previa confirmación da organización, non estando permitida a participación a tal efecto de outro xogador que siga na competición.

Non está permitida mais que una substitución por lesión nunha parella en toda a competición.

No caso de non encontrarse xogador substituto ou de producirse outra lesión na parella que impida a participación da mesma, consideraranse perdidos todos os xogos que lle resten por xogar na





Concello de Xove

competición dende o momento da lesión.

Penalizacións

- Non presentarse a un partido e non avisar. Eliminación do torneo.
- Non respectar as normas de xogo limpo. Eliminación do torneo.
- Cambiar de parella durante a etapa. Eliminación do torneo, salvo xustificación válida, avaliada previamente polos responsables do torneo.
- Mal comportamento nas instalacións. Eliminación do torneo.
- A organización poderá eliminar do torneo a aqueles xogadores que non cumpran coas normas de civismo ou por calquera outro motivo que prexudique ao desenrolo do evento e ao respecto polas persoas e instalacións.

Arbitraxe

O torneo desenvolverase baixo as normas do regulamento da RFEF.

Os xogadores implicados na disputa dos partidos responsabilizaranse da arbitraxe dos mesmos, sendo imprescindible que no caso de suspensión do encontro ou incidencias do mesmo, estas sexan comunicadas á organización. No caso de algún problema na arbitraxe, os membros da organización terán potestade para intervir.

O torneo desenrolarase baixo o expresado no regulamento de padel oficial vixente.

CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 1.500,00 euros € (partida 341.481 do Estado de Gastos do Municipal).

QUINTA.- PREMIOS

Os premios serán os seguintes:

CATEGORÍAS MASCULINA E FEMININA:

- Primeiro premio: 320 € parella
- Segundo premio: 180 € parella
- Consolación: 50 € parella

CATEGORÍA MIXTA:

- Primeiro premio: 225 € parella
- Segundo premio: 125 € parella
- Consolación: 50 e parella

Os premios consistirán en lotes de material deportivo.

En caso de non existir parellas suficientes en algunha categoría, poderán realizarse outras subcategorías.





Concello de Xove

O orzamento total destinado ao presentes premios poderá ser dividido entre o resto de premios no caso de que algunha categoría quedara deserta co que o importe de cada lote de premios será variable en función do número de participantes.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o torneo, o último día de competición procederase á entrega de premios segundo as clasificacións en cada categoría.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de material deportivo, deberá emitir factura a nome de cada beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

OCTAVA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar





Concello de Xove

por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

*A Concelleira de Deportes,
Asdo. Cristina Iglesias Guerreiro*
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

